

¿DE ONDE VÉN O QUE
COMEMOS?

OBXECTIVOS	Coñecer as implicacións medio ambientais, sociais e do ámbito da saúde que ten o consumo de distintos tipos de alimentos.
DESTINATARIOS	2º Ciclo da ESO.
CONTIDOS	Modelos de produción e comercialización alimentaria. Agricultura ecolóxica. Transxénicos. Comerzo Xusto e consumo consciente. Permacultura e soberanía alimentaria.
RECURSOS	Recursos educativos na web: www.arbore.org Presentación da unidade didáctica: “¿De onde vén o que comemos?”. Conexión a internet para ver as ligazóns da unidade. Computador persoal para o alumnado con conexión a internet para visitar diferentes webs (aconsellable pero opcional).
ACTIVIDADES	A propia unidade consta de actividades para realizar o alumnado individualmente ou en grupos unha vez visualizados os vídeos ou visitadas a páxinas webs que se indican. Algunha das actividades poden considerarse actividade de ampliación ou reforzo, de xeito que non todo o alumnado teña que realizar todas as actividades da unidade.

DE COMPRAS

Cubre a seguinte táboa marcando onde mercades os seguintes produtos. Despois en grupos de 5 comenta cos compañeiros as vosas respostas e extraede unha conclusión. Finalmente porase en común como todo o grupo fai as súas compras.

	Pequeno comercio local	Praza	Supermercado	Grande superficie
Pan				
Bolería				
Froita				
Carne				
Verdura				
Peixe				
Conservas				
Bebidas				
Lácteos				
Ovos				

- Se forades labregos dunha pequena explotación...
¿Poderiades vender os vosos produtos na Praza de Abastos? ¿Nunha pequena tenda local? ¿Nunha grande superficie como Carrefour? ¿Cal sería o maior inconveniente para non poder vender na gran superficie?
- ¿Quen abastece logo as grandes cadeas alimentarias?
- De seguir a tendencia actual, ¿cres que os labregos da nosa zona poderían seguir vendendo os seus produtos?

- Vexamos uns fragmentos do documental “O noso pan de cada día” para ver de onde vén o que comemos.

<http://www.youtube.com/watch?v=r1lllO26fgc>

<http://www.youtube.com/watch?v=BFOqHBKZNu8>

- ¿Que sentimentos che transmitiron as imaxes vistas?
- ¿Que opinas da nosa maneira de producir alimentos?
- Cando comes unha costeleta ou uns ovos, ¿como te imaxinas que viviu o animal do que proveñen?
¿As túas ideas coinciden coas imaxes dos videos?

SABELA E AS SÚAS TERRAS

Imos poñermonos en contacto con Sabela, unha labrega galega do S. XXI, que irá respostándonos por e-mail as nosas preguntas sobre a súa explotación. Ela vive da súa terra, e coñece como funciona o mercado de hoxe en día. Ademais, Sabela é unha muller preocupada polo medio ambiente e polo futuro que lles agarda ós galegos de hoxe e do mañá, e por iso hai tempo que apostou pola agricultura ecolóxica. Vexamos toda a información que Sabela pode aportarnos sobre o tema.

Para: sabela@galicia.com
Asunto: Unhas preguntíñas

Ola Sabela!

Somos un grupo de rapaces que queremos saber máis sobre as cousas que comemos. Sabemos que tes unha explotación de agricultura ecolóxica, e gustaríanos que nos explicases como funciona, e que beneficios ten.

Realmente non sabemos moito sobre os produtos ecolóxicos, e aínda que ultimamente se anda a falar moito dos transxénicos, non temos moi claro como poden afectarnos, a nós ou ó medio. A ver que nos podes contar destes temas. Tamén queremos que nos contes como é a túa explotación, que produtos químicos usas, que produces e onde, e a quen lle vendes, pois na aula falamos dos problemas que hoxe en día os labregos de pequenas explotacións poden ter. Danos a impresión de que é un traballo en perigo de extinción.

Queremos saber tamén se os teus produtos se envasan dalgún xeito ou se lles botas algo antes de chegar ós consumidores.

Por certo, ¿tes animais para o consumo? Se é así, ¿como viven?

Unha aperta e esperamos saber de ti axiña.

Para: alumnos@galicia.com

Asunto: Primeiras respostas

Ola rapaces!

Vaia, vexo que tedes moitas preguntas. Imos ír ós poucos, a ver se podo axudarvos.

Nuns intres vai vir o veterinario, así que non teño moito tempo. Por iso, para que vos fagades unha idea de como vivimos os labregos galegos que vemos o campo como o vexo eu, pásovos este enlace, que creo que vos ides levar unha sorpresa.

A ver que vos parece, e nuns días escribímonos.

<http://www.arbore.org/nova-aldea>

A NOVA ALDEA

1. Eloi e Pilar comezan unha nova vida no rural. ¿Que vos choca deles? ¿Como construíron a casa? ¿Que é para eles a autosuficiencia?
2. ¿Como viven as vacas de Marta? ¿E ela? ¿Que intercambio fai con Chusa e Carmela?
3. ¿Que fan en Milhulloa? ¿Quen soubo aconsellarlles mellor para iniciar a súa andaina?
4. ¿Que é Portomuíños? ¿Que venden? ¿Cal é a parte máis importante desta empresa?
5. ¿Xosé Luís viviu sempre no rural? ¿É dono das terras onde pacen as súas vacas? ¿Quen é a Veiga? ¿Que opina a filla de Xosé Luís do proxecto do seu pai?
6. ¿Que fixeron Manuel e familia na Limia? ¿Que é Daiquí? ¿Que lle aporta a esta familia vivir no rural? Perfecto fala das abellas...¿por que son importantes?

Para: alumnos@galicia.com

Asunto: A miña explotación

Ola rapaces!

Hoxe vouvos presentar a miña explotación. Teño unhas dúas hectáreas que adico á produción de cultivos de tempada. ¿Que quere dicir isto? Aínda que no supermercado ó que vaiades semelle haber de todo sempre, cada froita ou verdura cultívase nunha determinada época do ano. Por iso, os labregos galegos só podemos vender uvas de setembro a xaneiro, e as que atopedes fóra de tempada, virán de países moi lonxanos, viaxando, consumindo enerxía e contaminando ata chegar ás vosas mans.

¿Que producen as miñas terras? Ademais das froiteiras (mazás, limóns, laranxas, pexegos e kiwis), producimos patacas, cenoiras, acelgas, apio, cebola, col, leituga, porros, tomates, pementos, verza e ata mel das nosas abellas. Como vedes un pouco de todo. Isto dificulta que as pragas derramen a produción como acontece nos grandes monocultivos. Ademais, os cultivos vounos rotando para que a terra non esgote os seus nutrientes.

Tamén teño galiñas que crío ecoloxicamente. Pasean ceibes durante o día nas miñas veigas e pola noite dormen no galiñeiro. Comen o que atopan nos paseos, os restos orgánicos que produzo e millo.

Vexo que vos interesa saber como é a agricultura ecolóxica. Envíovos un enlace, investigade na web no apartado de agricultura ecolóxica, e a ver que vos parece:

<http://www.craega.es/>

Aburiño.

SELOS DE CERTIFICACIÓN



- Repartídevos estas imaxes, e por parellas, buscade en internet o seu significado.
- ¿Sabes onde se poden conseguir produtos co selo de agricultura ecolóxica na túa localidade?

Para: sabela@galicia.com
Asunto: Primeiras impresións

Ola Sabela!

Vimos o documental que nos aconsellaches, e si que nos sorprendeu a xente que nel falaba, pois tiñamos outra idea do rural... Xa sabemos moito de produtos ecolóxicos, e pensamos que son o mellor para o medio ambiente e para a nosa saúde. O que queremos saber agora é como chegar ós vosos produtos. ¿Realmente, a quen lle vendedes producindo en pequenas cantidades? Estamos moi sorprendidos co que estamos aprendendo, pois antes nunca nos pararamos a pensar sobre estes temas.

Queremos tamén que nos contes algo sobre os transxénicos.

Unha aperta e resposta pronto.

Ata que Sabela resposte, vexamos este vídeo que fala dos modelos agrícolas e as súas repercusións.

Aprenderemos un pouco sobre o cultivo de transxénicos, as explotacións tradicionais, e as alternativas para comercializar produtos ecolóxicos e socialmente xustos.

<http://www.arbore.org/contido/tres-historias-un-modelo>

1. ¿Que papel temos os países do Norte na problemática que viven os labregos da primeira parte do documental? ¿Que consecuencias ten o gran consumo de carne da nosa sociedade?
2. ¿Por que teñen que pechar as súas explotacións os gandeiros do norte peninsular? ¿Quen controla as cotas lácteas?
3. ¿Que alternativa artellaron os cidadáns cataláns da última parte do documental? ¿Que opinan os labregos sudamericanos deste novidoso sistema?

Para: alumnos@galicia.com

Asunto: De novo por aquí.

¡Xa estou de volta!

Alédame o voso interese, e que vaiades coñecendo como moita xente tenta facer as cousas doutro xeito, ben feitiñas, e pensando nas consecuencias dos nosos actos.

Preguntádesme sobre a comercialización dos meus produtos.

Nestes momentos vendo parte da miña produción localmente, sen envasar nada e directamente no mercado da miña localidade, pero a maioría da produción envía a unha Cooperativa de Consumo Consciente na cidade. Os produtos non precisan envalaxes nin conservantes, pois viaxan pouquiño, ¡máis ecolóxico non se pode ser!

Non hai intermediarios que encarezan o produto.

Os meus “clientes” preocúpase polo medio ambiente, a súa saúde, porque siga habendo vida no rural, polo sabor dos produtos que merca...

Pásovos unhas entrevistas a algúns dos meus clientes e doutros labregos ecolóxicos e as súas canles de venda:

http://www.youtube.com/watch?v=765flb3d5Vc&feature=player_embedded

http://www.galiciaparaelmundo.com/blog/?page_id=53&video_id=2814&name_page=Videos+del+programa

<http://vimeo.com/7420269>

<http://www.megavideo.com/?v=X9U16EK7>

Tamén podedes visitar estas webs para obter máis información: <http://www.granxafamiliar.com/principal/index.php>

<http://www.daiqui.com/gallego/index.html>

Como vexo que os transxénicos vos traen de cabeza, falareivos deles no próximo e-mail.

Unha aperta ben forte e preguntade canto queirades, non vos deixedes nada no tinteiro.

- Unha vez vistas as ligazóns de Sabela, facede un listado dos motivos polos que as Cooperativas de Consumo Consciente son necesarias.
- ¿Que outras alternativas existen para mercarlle ós pequenos produtores ecolóxicos? ¿Que papel teñen as novas tecnoloxías?
- ¿Que produtos se poden adquirir nas Cooperativas e tendas ecolóxicas?

TRANSXÉNICOS

Antes de volver falar con Sabela, informémonos sobre os alimentos transxénicos. Vexamos un video feito por uns alumnos dun instituto de Ordes que tamén querían saber sobre este tema, e que falan dos transxénicos, da opinión que deles ten a sociedade e sobre se estamos ou non suficientemente informados.

http://www.youtube.com/watch?v=mkQhCH7QIWU&feature=player_embedded

http://www.youtube.com/watch?v=gpqYVFbZVRM&feature=player_embedded

Consultade por parellas a Guía de transxénicos de Greenpeace, e comprobade que alimentos consumides habitualmente que están no listado “vermello”.

<http://www.greenpeace.org/raw/content/espana/reports/gu-a-roja-y-verde.pdf>

Se queredes saber máis, é aconsellable que vexades este documental, e o próximo día podemos comentalo todos aqueles que o vexamos: <http://www.tu.tv/videos/el-futuro-de-la-comida-2006-docu>

Para: alumn@galicia.com

Asunto: Transxénicos

Imos logo cos transxénicos. Antes de nada aconséllvos ver este documental sobre a maior compañía de sementes transxénicas, “El mundo según Monsanto (<http://www.megavideo.com/?v=S1RP4C7O>), e visitar esta web (www.galiciasentransxenic.org), así teredes información sobre o tema e como se vive en Galicia.

Como podedes imaxinar estou totalmente en contra de que se permita o seu cultivo, non só polos seus daninos efectos medio ambientais, para a saúde ou sociais, senón que como agricultora ecolóxica aféctanme de xeito que poden incluso acabar co meu modo de vida.

¿Que opinades vós de todo isto? Gustaríame comentarvos que somos os cidadáns os que podemos decidir cara onde queremos ir, e para iso o máis importante é facer o que estades facendo vós: informarvos.

Xa me diredes se queredes algo máis de min.

Unha aperta.

Para: sabela@galicia.com

Asunto: Grazas

Ola Sabela!

Grazas polas ligazóns, coma sempre tan útiles, e grazas tamén por adicarnos tempo para aprender sobre a agricultura dos nosos días. Realmente a nosa visión sobre o tema mudou despois destes e-mails.

¿Consideras que debes comentarnos algo máis?

Grazas de novo e non deixes de escribirnos de cando en vez para falarmos do tema ou para o que queiras.

Un bico.

Para: alumn@galicia.com

Asunto: Últimos datos

Ola!

Non quería rematar estes correos sen comentarvos, que ademais de consumo local e ecolóxico, un consumidor responsable debe pensar sempre no aspecto ético da súas compras. Cando mercamos café, cacao, té... e moitos outros produtos que veñen de fóra, de países do sur, debemos fixarnos que sexan de Comercio Xusto, que os traballadores tivesen un soldo e condicións de traballo dignas.

Pásovos de novo unhas ligazóns que explican que é o Comercio Xusto, e comentarios dos propios produtores.

<http://www.youtube.com/watch?v=U2JlrrspnA>

<http://www.youtube.com/watch?v=bR3EfltozRg>

http://www.dailymotion.com/video/xhb81f_espacio-por-un-comercio-justo_news#from=embed

Ademais, non quero que vos quededes coa idea, de que cun selo ecolóxico xa abonda, pois os problemas do planeta, e polo tanto nosos son máis complexos. Creo que debedes saber algo de como ten que ser o futuro, e que é a permacultura. Déixovos un enlace a un documental que volo explique ben “Unha granxa para o futuro”: <http://vimeo.com/18161854>

Sen máis, despídome de vós, aínda que espero que sigamos en contacto. Alédame saber que axudei a que tivesedes outra visión sobre o voso consumo de alimentos.

Bicos a tod@s.